

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Susana Rodríguez Carballo, Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, actuando en exercicio da competencia que ten delegada en virtude do disposto na Orde do 21 de febreiro de 2022 sobre delegación de competencias en diversos órganos de dirección da Consellería do Mar e na Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia (DOG núm. 41 do 1 de marzo de 2022), modificada pola Orde do 15 de marzo de 2022 (DOG núm 57, do 23 de marzo de 2022).

E doutra parte, a entidade Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra, CIF: V36621282, representada polo seu presidente Don José Manuel Rosas Otero (DNI 35278459R), en virtude do artigo 20 dos seus estatutos, ratificados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o 19 de outubro de 2004 (DOG nº 218, do 9 de novembro de 2004)

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e

EXPOÑEN



Primeiro

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de confrarías de pescadores segundo o artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española e co Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado a Galicia en materia de agricultura e pesca.

Segundo

Que a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten entre as súas competencias o fomento da organización sectorial, que se desenvolve co apoio ao asociacionismo e proporcionando asistencia técnica ás confrarías de pescadores, organizacións de produtores da pesca e demais asociacións relacionadas co sector.

Terceiro

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e da capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que actúa como órgano de consulta e colaboración coa administración na defensa e promoción do sector, sendo o seu obxecto a coordinación, xestión e representación dos intereses económicos e sociais comúns das confrarías que a integran.

Os investimentos a realizar coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxecto a realización das tarefas relacionadas nos seguintes apartados:

a)“Obradoiros de convivencia e investigación no sector marisqueiro – experiencias no marisqueo a pe”: Organización e impartición de tres obradoiros e unha mesa redonda que versarán sobre a experiencia a respecto das técnicas de traballo e os útiles empregados na extracción de moluscos bivalvos e que varían en función das zonas de traballo.

A Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra marcouse como obxectivo principal deste proxecto, formar e asesorar ás persoas participantes nos obradoiros programados, de xeito que o intercambio de experiencias de todas elas axude a desenvolver a súa actividade de xeito que se lle poida extraer un maior proveito con menos esforzo, e tamén para previr no posible as lesións habituais e propias da profesión, achegándose para elo



experiencias e ideas sobre a utilización das distintas técnicas extractivas e en relación co emprego dos útiles de marisqueo, e ao tempo coa participación e experiencia de técnicos especializados.

Dende hai varios anos véñense desenvolvendo distintos proxectos nos que participan na súa maioría, mariscadoras/es de a pé da provincia de Pontevedra, téndose detectado que, pertencendo todos/as ao mesmo sector produtivo e recolleitando recursos marisqueiros semellantes, as formas de traballar e os materiais e ferramentas empregados para a súa extracción, varían segundo a zona de produción.

Así se expón este proxecto, de xeito que se desenvolverán tres (3) obradoiros, onde cada grupo de mariscadores/as visitará unha zona de traballo na que poidan acadar coñecementos e transferencia de información para o colectivo.

Convidarase a participar nestes obradoiros ao persoal da Asociación Mar Seguro de Galicia, aos principais centros o organismos de investigación de referencia no eido marítimo-pesqueiro (INTECMAR, REDEMAR, Instituto de Investigacións Mariñas -CIMA- e Universidade de Vigo), para que dende a súa perspectiva tamén poidan reparar nas tarefas diarias desenvolvidas polas/os mariscadoras/es, así como participando na mesa redonda final que se realizará tras o remate dos tres talleres.

Os obxectivos principais da iniciativa, serían os seguintes:

- 1) Incrementar a cooperación entre entidades do territorio para reforzar as sinerxías entre as/os profesionais do sector.
 - 2) Formar e asesorar ao colectivo de mariscadoras/es de a pé, a través do fomento e transferencia de coñecementos.
 - 3) Mellorar a competitividade do sector pesqueiro-marisqueiro.
 - 4) Por en valor o traballo realizado polo colectivo do marisqueo a pé.
- b) Instalación na nube do programa de xestión económico-financeira e aplicación de software on line, adaptado á nova normativa vixente en materia contable e fiscal, de entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2025.
- c) Adquisición de dous dispositivos electrónicos de telefonía móbil (smartphones), co obxecto de dotar ao Presidente e Secretario da Federación daqueles medios de alto rendemento, almacenamento e autonomía que os posibilite para comunicarse e ter acceso á información en calquera momento ou lugar mediante a utilización de equipos que, dadas ás súas prestacións, actúan como superordenadores de peto con funcións profesionais.



Cuarto

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra está inscrita no folio 2 do Tomo 3 do Rexistro de Confrarías e das súas Federacións, creado pola Lei 9/1993, do 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia.

Quinto

Que na Lei 9/2023 do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, figura no capítulo VII, Transferencias de capital, a aplicación orzamentaria 15.03.722A.781.4, proxecto 2014 00639, subvencións con carácter nominativo destinadas a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra (ou beneficiaria) coa finalidade de financiar os investimentos que leve a cabo esta institución, sen ánimo de lucro, para acadar os obxectivos básicos de fomento da organización sectorial e mellora da súa competitividade.

SEGUNDA. Finalidade da Subvención

Será a realización dos seguintes investimentos:

1. Obradoiros de convivencia e investigación no sector marisqueiro - experiencias no marisqueo a pé.
2. Solución de Xestión Económica e Financeira.



3. Adquisición de equipamentos de telefonía.

TERCEIRA. Importe e contía da subvención. Gastos subvencionables

A Consellería do Mar alcanzará un importe máximo de DEZASEIS MIL EUROS (16.000 €), que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 15.03.722A.781.4 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024 , proxecto 2014 00639.

Os gastos imputables son aqueles realizados pola beneficiaria para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, descritas na cláusula segunda, co límite máximo de **16.000 €**.

CUARTA. Concorrenza de subvencións

O importe da subvención percibida para este investimento non poderá, en ningún caso, ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo de investimento para os efectos de poder comprobar tal extremo, nas xustificacións de pagamento debe presentarse declaración das axudas solicitadas e concedidas coa mesma finalidade.

QUINTA. Obrigas da beneficiaria

A beneficiaria, comprométese a:

1. Dedicar integramente o importe desta axuda á realización das actividades e á adquisición dos bens descritos na cláusula segunda deste convenio.
2. Poñer no coñecemento da Consellería do Mar calquera incidencia que afecte á realización dos investimentos, proporcionando tanta información sobre as accións obxecto deste convenio lle sexa requirida.
3. Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, consonte ao disposto no artigo 40.1 h) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (en adiante Regulamento da Lei 9/2007).



Ademais, son obrigas da beneficiaria todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

A beneficiaria da axuda consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión da subvención implica a autorización, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A beneficiaria deberá ter cumpridas as obrigas establecidas nos artigos 55 e 58 do capítulo VI e nas seccións 3ª e 4ª do capítulo IX do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, segundo se establece na Disposición adicional segunda do devandito decreto.

A tal efecto, deberá achegarse, antes de que se proceda ao libramento de ningunha cantidade, a certificación acreditativa do cumprimento das devanditas obrigas, asinado pola dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

SEXTA. Publicidade da Subvención

1. A beneficiaria, consonte ao disposto no artigo 20 do Regulamento da Lei 9/2007, deberá dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento.
2. Sen prexuízo do previsto no devandito artigo 20, o incumprimento da obriga da beneficiaria de dar a adecuada publicidade do financiamento será causa de perda do dereito ao cobramento da subvención. Se é o caso, será tamén causa de reintegro das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que correspondan, de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, en relación co artigo 33.1º.d) da dita norma, e seguíndose para iso o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

SÉTIMA. Forma de pagamento e xustificación da subvención

A Consellería do Mar, ao abeiro do establecido nos artigos 62 e 63.1 do Regulamento da Lei 9/2007, efectuará o libramento da axuda ao ritmo de execución e xustificación do gasto e, en



todo caso, mediante a presentación da seguinte documentación, **antes do 16 de novembro de 2024.**

Na memoria económica xustificativa para os gastos con cargo á aplicación orzamentaria 15.03.722A.781.4 que incluírá:

a. Relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e, ao final, o total dos gastos. Esta relación estará conformada polo secretario da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra, co visto e prace do seu presidente.

Tanto a presentación das facturas, como os documentos xustificativos do seu pagamento, deberán achegarse á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A relación ordenada das facturas e os documentos xustificativos é requisito imprescindible para a tramitación do mencionado pagamento, devolvéndose toda a xustificación que non cumpra con estes requisitos.

Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Regulamento da Lei 9/2007. Os orixinais serán devoltos cando se comprobe a xustificación do gasto.

b. Declaración responsable, expedida polo órgano competente da entidade, de cada gasto realizado, indicando que teñen relación co obxecto do convenio.

c. Declaración responsable, expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, a data e o importe total percibido.

De acordo co establecido no artigo 62 do Regulamento da Lei 9/2007, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

- Mediante pagamentos parciais, unha vez xustificadas os gastos comprensivos de, polo menos, o 25% do importe do convenio, por parte da beneficiaria.
- A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen para aboar ata acadar o 100% é o **16 de novembro de 2024.**



De conformidade co previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de acordo coas condicións establecidas nos artigos 62 e 63 do Regulamento da Lei 9/2007. A entidade beneficiaria deberá de solicitar o importe de pagamento anticipado que considere necesario, ata un máximo de **8.000 €**. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Consonte ao disposto no artigo 65.4 i) do devandito Regulamento, quedan exentos da constitución da garantía, *“os beneficiarios das subvencións concedidas das que os pagos non superen os 18.000 euros. No caso de pagos anticipados e/ou pagos a conta o importe anterior enténdese referido á cantidade acumulada dos pagamentos realizados”*

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

OITAVA. Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

NOVENA. Normativa de referencia

Todas as actuacións de xestión de actividades do obxecto deste convenio, estarán suxeitas á normativa vixente en materia de axudas e subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e por calquera outra de aplicación.

DÉCIMA. Comisión de seguimento



O seguimento e control do establecido no presente convenio realizarase por unha comisión de seguimento formada pola Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, polo/a subdirector/a xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais, e polo presidente e o secretario da entidade beneficiaria.

UNDÉCIMA. Resolución de controversias

No caso de que se susciten controversias sobre a interpretación e aplicación das cláusulas deste convenio, estas resolveranse pola comisión prevista na cláusula anterior.

Se subsiste o desacordo, dita cuestión controvertida someterase ao coñecemento da Xurisdición Contencioso Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DUODÉCIMA. Transparencia e bo Goberno na Administración Pública Galega

De conformidade co establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e no resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 da antedita Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións atoparanse obrigadas a subministrarlle á administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento, por aquela, das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

No relativo ás obrigas específicas de información sobre convenios e subvencións, estarase ao previsto nos artigos 15 e 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Asemade, este convenio será obxecto de publicidade no Rexistro de axudas, subvencións e convenios, ao abeiro do disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo e 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO TERCEIRA. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou



dependentes, nin se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria polas actuacións que se deriven deste convenio.

DÉCIMO CUARTA. Vixencia e efectos

A duración do presente convenio estenderase dende a data da súa sinatura ata o 16 de decembro de 2024, sen posibilidade de prórroga.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan.

Pola Consellería do Mar

A directora xeral de Desenvolvemento
Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo
(asinado dixitalmente)

Pola Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra

O presidente,

José Manuel Rosas Otero
(Asinado dixitalmente)

